



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/22

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN	
1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO Eliminación da proba extraordinaria.	
a) Alumnado coa materia superada.	Para aqueles alumnos/as que teñan superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, a realización e entrega das actividades de ampliación e reforzo, propostas durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, serán valoradas con ata un punto, que se sumará á nota lograda na terceira avaliación.
b) Alumnado coa materia suspensa.	Mantéñense os criterios de avaliación e cualificación que figuran na programación didáctica. Os alumnos que NON teñan acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, realizarán tarefas de recuperación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria: - A realización e entrega das actividades de recuperación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, terán como obxectivo a preparación dun exame final que permita a superación da materia, e serán valoradas con ata un punto que se sumará á nota obtida nese exame final. -O exame final constará das mesmas partes e porcentaxes que as probas realizadas ao longo do curso escolar, e a súa superación implicará o aprobado na materia. Cando a nota acadada no exame final, sumada á nota obtida pola realización e entrega das actividades de recuperación (ata un punto), fose igual ou superior ao 5, o alumnado logrará superar a materia. A cualificación obtida por este alumnado será de 5 .

1. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES
(Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)

**Metodoloxía,
actividades,
materiais,
recursos e
contidos.**

A metodoloxía, actividades, materiais e recursos que se van empregar neste período serán similares aos empregados no resto do curso.

-Os contidos para aqueles alumnos que teñan superada a materia serán de reforzo e ampliación daqueles contidos que non se puideron consolidar, debido ao adianto do remate das clases da terceira avaliación ao 6 de xuño.

-Os contidos para aqueles alumnos que non teñan superada a materia serán personalizados para cada alumno en función dos contidos, estándares de aprendizaxe e competencias non acadados por cada alumno en particular.